A VOZ

A voz é o instrumento natural máis antigo , completo e expresivo que existe. Permítenos comunicarnos cos demáis mediante a fala e expresarnos musicalmente mediante o canto.

Pero : **Como se produce a voz?**

Ao espirar,o aire que sae dos pulmóns (1) pasa pola larinxe (2). Alí fai vibrar as cordas vogais (3) producindo o son.

O son da voz amplifícase na boca (4), as fosas nasais (5), a cabeza (6) e a cavidade torácica (7), que fan unha función similar á caixa de resonancia que teñen os instrumentos.



Así pois, para a producción da voz precísase o emprego de tres aparatos:

APARATO RESPIRATORIO : Encargado de abastecer o aire necesario para que se produza o son. (1)

APARATO FONADOR: Encargado da producción do son. (2 -3)

APARATO RESOADOR: Encargado de amplificar e darlle un timbre específico o son. (4 . 5 , 6, 7)

Nalgunhas profesións emprégase especialmente a voz : mestres, locutores, cantantes, actores. É importantísimo coidala e saber empleala. Moitos acoden a clases de educación vocal para traballala adecuadamente. O **foniatra** e o **logopeda** son dous dos especialistas que tratan a voz.

LIVEWORKSHEETS